



Centro
Fonseca

Presentación do libro
de

Victorino Pérez Prieto

*Contra a síndrome NNA (Non
hai Ningunha Alternativa).*

Unha aposta pola esperanza

Ed. Xerais

1 de Xuño

20.30

Salón Fonseca

A síndrome N.N.A. vén ser a de "Non hai Ningunha Alternativa", a que nace da imposición nos últimos anos do que se deu en chamar "pensamento único", global; esa concepción do mundo, da vida, da política e da economía que nos quere convencer de que hoxe xa non hai máis ideoloxía viable que a ideoloxía neoliberal e o sistema económico do mercado total. Como o letreiro que o Dante puxo na porta do inferno, cómpre "abandonar toda esperanza" en calquera utopía de cambio transformador, pois está de antemán condenada ao fracaso.

Este libro nega radicalmente este fatalismo ancorado no medo e no descencanto paralizante propoñendo como antídoto a esperanza que nace dunha confianza radical en que a auténtica globalización é a da fraternidade e o amor solidario.

Para o autor, Victorino Pérez Prieto, **só hai alternativa** para un mundo insolidario e egoísta como o que vivimos **estando a carón da xente, acollendo a súa sabedoría, reelaborándoa persoalmente e sendo capaz de apuntar cara o futuro, con idealismo ou pesimismo, mais con esperanza.**

Neste libro o autor aposta con valentía pola utopía e a esperanza do Reino de Deus que anunciou Xesús de Nazaret.